

# PROXECTO CLUB DE LECTURA IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ.

## 0.- Breve historia.

O noso club ten máis de dez anos de andadura, é un instrumento de fomento e dinamización de lecturas moi valorado no centro, durante estes anos os diferentes clubs desenvolveron una chea de actividades co alumnado, os pais e no curso 2018-2019 co profesorado. Desenvolvéronse encontros con autores, rutas literarias, obradoiros... Toda esta labor que realizamos está reflectida nos diferentes blogues de divulgación e animación que empregamos os profesores implicados.

[Bibliowirtz.blogspot.com](http://Bibliowirtz.blogspot.com)

[Tfgandaras.blogspot.com](http://Tfgandaras.blogspot.com)

[Caballerosaula.blogspot.com](http://Caballerosaula.blogspot.com)

## 1.- Obxectivo.

O principal obxectivo desta actividade é fomentar a lectura de textos de xéneros e tipoloxías variadas, por en común as lecturas realizadas por diferentes colectivos, principalmente a do noso alumnado, sumar miradas.

Queremos que os clubs sirvan como lugar onde partillar inquedas, gustos, críticas. Queremos que a lectura propicie un xeito máis de socialización arredor dun espazo de ocio que contribúe de xeito tan directo na formación académica e persoal do alumnado, o noso principal destinatario.

## 2.- Actividades.

Conformación dos clubs atendendo aos diferentes niveis académicos impartidos:

Primer Ciclo de ESO

Segundo Ciclo de Eso

Bacharelato

Ciclos Formativos de FP impartidos no centro.

Intentaremos desenvolver, como todos estes anos, encontros lectores, encontros con autores, obradoiros literarios, dramatizacións, rutas literarias, escrita divulgativa nos diferentes blogues...

### **3.- Grupos previstos.**

Un grupo dirixido a alumando do primeiro ciclo.

Tres grupos dirixidos a alumando do segundo ciclo.

Dous grupos dirixidos a alumnado do Bacharelato.

Tratarase ademais de facer grupos mixtos de rapaces e pais e facer grupos mixtos de alumnado e profesorado.

### **4.- Horario e calendario das reunións.**

A hora de reunión de cada club virá marcada, fundamentalmente, pola dispoñibilidade dos seus integrantes. En cursos anteriores foron sesión de media hora nos recreos para algúns clubs e sesións dunha hora polas tardes para outros.

A frecuencia das reunións será, mínimo, dunha vez ao mes. De novo intentaremos adaptarnos a dispoñibilidade dos participantes.

### **5.- Organización e funcionamento.**

A actividade desenvolvida polos clubs de lectura do centro é moi coñecida polo alumnado. É necesario que divulguemos á existencia da actividade aos alumnas e alumnos que se incorporan este ano ao instituto, así como aos novos membros do profesorado ( tamén lembrarlle ao profesorado doutros anos que os clubs seguen activos este curso con novas lecturas) Intentaremos, de novo , atraer aos clubs ao alumnado máis recio; alumnado de ciclos, PMAR, ESA .

## 6.- Profesorado participante e profesor coordinador dos diferentes clubs.

A persoa responsable de coordinar os clubs de lectura será Dolores Carril. Contamos tamén con a profesora Teresa Fiaño Gándaras que coordinou o clube en cursos pasados e pensamos que nas novas incorporacións do profesorado contaremos con persoas interesadas en levar algún clube. ( En cursos anteriores desfrutamos do inestimable traballo de profesoras como Cristina Asensio, María Nión e Ana Bravo).

## 7.- Medios de difusión e información.

Como fixemos noutos cursos; os blogues, o facebook e Twitter do instituto, cartaces, taboleiros ...

A Coordinadora (Dolores Carril Míguez)



A Coruña 6 de outubro de 2019.